<ul style="list-style-type: none"> <li>- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</li> <li>- respecto cara ás producións alleas.</li> <li>- aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.</li> <li>- uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.</li> <li>- aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.</li> <li>- lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.</li> <li>- función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	O meu barrio e as nosas tradicións	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Recoñece algunha particularidade lingüística da contorna próxima.	TI
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega unha linguaxe respetuosa coas demais persoas e se inicia no uso das convencións sociais.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa interese nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo?) en diferentes linguas	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos libres.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Participa en actividades onde se emprega a lingua escrita.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito non convencional, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria e coñece as normas de uso	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Fai unha aportación persoal con axuda sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación comunicativa.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas, con axuda, sobre interpretacións dos demais.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Amosa interese nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Expresa, con axuda, a súa opinión sobre unha manifestación artística ou representación dixital	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> </ul>



## Contidos

- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta área (CRR) sempre deberemos ter en conta a concepción positiva da infancia con respecto das súas múltiples potencialidades comunicativas, e máis neste primer curso do segundo ciclo no que se están a iniciar na súa comunicación coa contorna máis aló do seu núcleo familiar. Como aula e escola, deberemos dar resposta creando as condicións para que as diferentes linguaxes comencen a desenvolverse, sen considerar a ningunha por enriba das demais. Teremos sempre en consideración o deseño de situacións de aprendizaxe relativas aos intereses das nenas e dos nenos que respecten a necesaria transferencia dunhas linguaxes a outras, combinando as diferentes técnicas, recursos en materiais propios de cada unha para un mellor autocoñecemento e comprensión da realidade. O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporadas ás rutinas cotiás xogos ou cancións que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

As tres áreas debense basear nunha serie de principios didácticos que son a base na que se sustenta a presente programación didáctica anual.

Como principios metodolóxicos seguiremos o exposto no Decreto 330/2009, Decreto 374/96 e a Orde do 22 de xullo de 1997. Tamén aqueles que se enmarcan nunha concepción construtivista da aprendizaxe, derivados das teorías de autores como Piaget, Ausubel e Vigotsky, e que deben estar presentes na práctica educativa diaria a fin de manter a coherencia das distintas propostas curriculares.

-Globalización: O enfoque globalizador, sera o eixe que marque a nosa práctica didáctica diaria. A organización dos contidos deste xeito, determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Nestas propostas didácticas falamos da cohesión dun enfoque tradicional e un por Proxectos. Esta estratexia de organización por proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente, está baseada no tratamento da información de xeito conxunto, no establecemento de relacións entre os contidos e no enfoque globalizado ou interdisciplinario que vai favorecer a construción do coñecemento e a consecución das competencias básicas, asegurando que as aprendizaxes sexan significativas e contextualizadas. As actividades están baseadas no " aprender a facer" e "aprender facendo". Todo isto supón que o que se vai aprender, ten interese para o alumnado xa que parte das súas necesidades e de temas reais e cotiáns, que mobilicen aos nenos cara a busca de información para dar resposta a aquilo sobre o que queren saber. Tamén terán que adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creación das crianzas. Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

-Construtivismo: Os alumnos/as constrúen a súa aprendizaxe partindo dos seus coñecementos previos, de xeito que os novos elementos introducidos supoñan a reestruturación (reelaboración, enriquecemento e diversificación) dos seus esquemas cognitivos. Neste senso o papel do mestre será o de crear as condicións necesarias que inciten o alumno/a a iniciar un proceso de reflexión, investigación, descubrimento e superación dos *¿conflictos cognitivos¿* plantexados.

-Aprendizaxe significativa: Partindo sempre dos coñecementos previos dos alumnos/as os nenos integrarán as novas aprendizaxes nos seus esquemas cognitivos de xeito que adquiran un significado para eles.

- Socialización e comunicación: Considerando a colaboración e traballo en grupo como a mellor vía para lograr unha aprendizaxe realmente significativa, fomentárase a organización de actividades de carácter grupal onde a comunicación e o diálogo sexa a vía de solución de problemas, conflitos e respecto as diferencias.

-Afectividade e actividade: Creárase un ambiente democrático, onde o alumno/a teña parte activa (non só receptora) no seu proceso de aprendizaxe, fomentando as relacións afectivas cos compañeiros, respecto as diferencias. Asemade darase importancia o potencial de cada quen considerando os alumnos como *¿seres intelixentes e con tódalas posibilidades abertas ¿* escoitando, aceptando, acordando e tomando un papel activo na aula na toma de decisións autónomas.

-Individualización e tratamento á diversidade: Teranse en conta durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe as características individuais dos alumnos/as así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Plantexárase sempre que sexa preciso aspectos relativos ó reforzo e ampliación, tendo especial coidado en aqueles alumnos/a con necesidades educativas especiais.

-Funcionalidade e aprendizaxe por descubrimento: Preténdese en todo momento que as actividades propostas sexan funcionais para os nenos/as de xeito que atopen nelas una necesidade, un obxectivo e un porqué de realizalas. Este tipo de tarefas de carácter funcional buscarán sempre a aprendizaxe por descubrimento, de xeito que o alumno/a mediante a súa práctica e actividade *¿descubra¿* e integre nos seus esquemas cognitivos os novos coñecementos

-Aprender a aprender: Dotárase os alumnos das ferramentas e estratexias necesarias para elaborar o seu propio aprendizaxe (auto aprendizaxe) o importante non é o que se sabe senón dispoñer das ferramentas necesarias para que autonomamente poda chegar a ditos coñecementos cando os precise.

- O xogo é fundamental xa que é a actividade propia destas idades que fomenta a aprendizaxe de maneira natural. Mentres xogan os nenos/as manipulan obxectos, crean e transforman, establecen relacións, manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e interacción.

Para a consecución das intencións educativas será fundamental unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo. Disporase de lugares propios, como a biblioteca, a aula de matemáticas e manipulación, o salón de usos múltiples, patio de recreo. Espazos que fomentan a concentración e permiten o movemento. Buscarase un ambiente agradable que permita ao alumnado sentirse cómodo e seguro. Respectando as necesidades dos nosos nenos contaremos tamén, na medida do posible, con espazos que permitan o recolleto individual e o desenvolvemento por recunchos de diferentes actividades dentro das aulas. (zona de recunchos)

\* Os espazos comúns e de tránsito estarán suxeitos a unha serie de normas básicas de convivencia pero serán tamén lugares de aprendizaxe nos que potenciaremos o desenvolvemento autónomo dos nosos nenos.

\* Os materiais empregados na nosa práctica diaria axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas do noso contexto educativo e ás características individuais do alumnado. Estes materiais especificanse no seguinte punto de maneira máis detallada.

Consideramos que os tempos en Educación Infantil organízase segundo o criterio de flexibilidade e combínanse rutinas con tempos de actividades específicas adecuadas ás características e necesidades dos nenos/as. As actividades de cada aula organízanse concretamente seguindo unha temporalización específica (detallada en cada documento de aula)

\* En canto ao tempo, contemplamos a necesidade de ter en conta os diferentes ritmos de cada neno así coma a adaptación a novas actividades e ambientes. De aquí que exista un período de adaptación regulado para os máis pequenos (seguiremos o exposto na ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que deberá durar como máximo ata o 16 de setembro. Un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil do 1º ciclo á nova situación de ensino -aprendizaxe da nosa escola. Preténdese garantir a integración gradual do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. Este período incluírá os seguintes aspectos: participación e colaboración das familias, flexibilización do calendario e horario dos nenos/as que se incorporarán por 1ª vez ao centro, actividades encamiñadas á mellor adaptación dos alumnos e flexibilidade nos agrupamentos.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (Beebots)
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, títeres...

Material de psicomotricidad: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa ( Alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

A maiores, contamos cun invernadoiro e con todos os recursos materiais para poder traballar nel, tales como: ferramenta, sementes, plantas, etc.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación, como actividade específica da mestra, vai a permitir valorar todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe co fin de proporcionar a retroalimentación de todo o proceso, sobre o funcionamento e os resultados. É un elemento imprescindible para comprobar a eficacia da programación na súa totalidade e en cada un dos seus elementos. Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo. Esta avaliación partira da:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
  - Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
  - Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
  - Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.
- Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

A avaliación continua contempla tres momentos:

1.- Inicial: no que se obtén información sobre a situación inicial de cada alumno/a e permite adecuar o proceso ás súas necesidades. Esta avaliación inicial se levará a cabo unha vez superado o período de adaptación e tendo en conta a información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e a realidade da aula. Farase un seguimento especial do período de adaptación para aqueles nenos/as que se incorporen por primeira vez ao centro.

¿ Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.

¿ Pautas de observación para o período de adaptación.

2.- Continua: que ten lugar durante todo o proceso e ten como obxectivo proporcionar información constante sobre si o proceso se adapta ou non ás necesidades das criaturas permitindo a modificación daqueles aspectos que non funcionen.

¿ Avaliación ao final de cada unidade didáctica. Avaliación continua trimestral, ao final de cada trimestre: (Boletín trimestral que se entrega ás familias)

3.- Final: de tal xeito que, ao final do proceso se poida valorar a consecución dos obxectivos propostos.

¿ Avaliación final de nivel, para o expediente individualizado do alumn@. (XADE).

O procedemento básico para a obtención de datos será a observación que, utilizada como recurso educativo, ten como finalidade descubrir feitos e comportamentos a partires dos que se formularán conclusións que sirvan como medio de coñecemento do/a neno/a e do seguimento da súa evolución.

A observación proporcionará información sobre o comportamento manifestado polo/a neno/a no desenvolvemento das súas actividades, permitirá discernir entre os comportamentos típicos da súa idade evolutiva dos atípicos,

posibilitarán o seguimento da evolución do/a neno/a, permitirá a avaliación dos obxectivos programados, permitirá reorientar o proceso educativo e atender ás necesidades e intereses de cada neno/a, permitirá coñecer as motivacións da aprendizaxe infantil para proporcionar os medios e ambientes necesarios en cada momento e, tamén, permitirá predicir a conduta do/a neno/a ante estímulos determinados.

A observación sistemática, polo tanto, convértese, na Educación Infantil, no instrumento principal da avaliación continua das criaturas. Para isto, é necesario dispoñer de distintas técnicas que permitan optimizar a obxectividade e a sistematización da observación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra/e.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A intervención educativa debe recoller como principio a *diversidade do alumnado*, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo d@s nen@s, debido á importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Estas deben ser entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades. Adoptaranse as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo, buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

Existe apoio específico por parte da mestra de A.L. principalmente dentro da aula, co seguimento do D.O.

A avaliación realizarase a través da observación e rexistro individual da diversidade da aula.

Empréganse diferentes linguas para dirixirse aos alumnos xa que a lingua materna non é igual para todos (predomina a lingua castelá como lingua materna).

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

-Faremos un Reforzo educativo para atender á diversidade da aula e apoiar aos casos que teñen maior descompensación con respecto ao resto do alumnado. Dito reforzo será por parte das titoras e outros profesionais que acoden a aula (mestras apoio e especialistas).

-Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento, repectando a individualidade de cada neno e nena.

-Adecurar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.

- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.

-Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características

de éste alumnado.

- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas ás diferenzas individuais, incluíndo se fose necesario referencias visuales como pictos e axendas.
- Modificar os tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose os ritmos individuais. Adecuar a axuda pedagóxica e a metodoloxía ás necesidades do momento e os resultados da avaliación.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima,
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).
- Fomentar a práctica de dinámicas cooperativas ¿traballo por proxectos, grupos de especialistas, tarefas e responsabilidades compartidas,..- xa que é unha ferramenta eficaz de atención a diversidade que mellora as relacións e o clima afectivo da aula e o recoñecemento das distintas habilidades e capacidades de cada individuo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		X		X			X

#### Observacións:

En educación infantil, dado o carácter globalizado de todas as aprendizaxes, practicamente se traballan en todas as unidades, os elementos transversais fundamentais para a educaci3n integral do alumn@.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita de persoa experta.	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar.
Saída de campo.	En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula.
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns, etc
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.

### Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares, deben contribuir a lograr unha formación plena e integral dos alumnos. Ademais, este tipo de actividades, deben estar dirixidas na súa programación e na súa execución á consecución das finalidades educativas, o que permite e incentiva a participación dos distintos membros da comunidade educativa.

As actividades programadas estimularán a socialización, a intergración e a participación de todos os membros da comunidade educativa.

Estimularase a realización de actividades que supoñan a participación de distintas áreas de coñecemento, o que fomenta a interdisciplinaridade entre as áreas e facilita a incorporación das ensinanzas transversais nas actividades

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.

Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**